

# CUESTIONARIO PARA O PRIMEIRO EXERCICIO DA PROMOCIÓN INTERNA AO GRUPO A

(xaneiro 2019)

1. Segundo a Constitución, os resultados e conclusíons das comisións de investigación:
  - a. Non serán vinculantes para os tribunais, nin afectarán as resolucións xudiciais.
  - b. Poderán ser comunicados ao Ministerio Fiscal para o exercicio, cando cumpra, das accións oportunas.
  - c. As repostas primeira e segunda son correctas.
2. Os decretos lei deberán ser inmediatamente sometidos a debate e votación de totalidade ao Congreso dos Deputados, convocado para o efecto se non estiver reunido:
  - a. No prazo de 20 días naturais seguintes á súa promulgación.
  - b. No prazo dos 30 días seguintes á súa promulgación.
  - c. Non está establecido un prazo concreto.
3. Segundo a Constitución, o Defensor del Pueblo poderá:
  - a. Interpor recurso de inconstitucionalidade e de amparo.
  - b. Interpor recurso de amparo pero non de inconstitucionalidade.
  - c. Interpor recurso de inconstitucionalidade pero non de amparo.
4. De acordo coa Constitución, a confianza ao presidente do Goberno entenderase outorgada cando vote a favor dela:
  - a. A mayoría simple dos deputados.
  - b. A mayoría simple dos deputados e dos senadores.
  - c. A mayoría absoluta dos deputados.
5. ¿Cal das seguintes afirmacións NON se axusta á Constitución? :
  - a. As Deputacións Permanentes seguirán exercendo as súas funcións ata a constitución das novas Cortes Xerais nos casos de expiración do mandato e de disolución.
  - b. As Deputacións Permanentes velarán polos poderes das Cámaras cando estas non estean reunidas.
  - c. As Deputacións Permanentes non poderán solicitar a reunión extraordinaria das Cámaras.

6. Segundo establece a Constitución, o Tribunal Constitucional é competente para coñecer dos conflitos de competencias:

- a. Entre o Estado e as comunidades autónomas ou dos destas entre si.
- b. Entre o Estado e as comunidades autónomas unicamente.
- c. Entre as comunidades autónomas entre si pero non entre o Estado e as comunidades autónomas.

7. Segundo a Constitución:

- a. Garántese a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto dos individuos e as comunidades.
- b. Os poderes públicos terán en conta as crenzas relixiosas da sociedade e manterán as conseguintes relacións de cooperación coa Igrexa católica e as demais confesiós.
- c. As afirmacións anteriores son correctas.

8. Segundo a Constitución:

- a. Todos os españois teñen os mesmos dereitos e obrigas en calquera parte do territorio do Estado.
- b. Os Estatutos de Autonomía das distintas Comunidades Autónomas non poderán implicar, en ningún caso, privilexios económicos ou sociais.
- c. As respostas a) e b) son correctas.

9. Segundo a Lei da Xunta e a súa presidencia, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, constituída por órganos xerarquicamente ordenados baixo a dirección da Xunta, ten personalidade xurídica única e posúe a capacidade de obrar necesaria para:

- a. Contratar
- b. Levar a cabo os seus fins
- c. Exercer as súas funcións

10. No caso de que o Estado emita débeda parcialmente destinada á creación ou mellora de servizos situados en Galicia e transferidos á Comunidade Autónoma galega, esta estará facultada para ..... e presentar o programa de obras e servizos beneficiarios da emisión (complete os puntos suspensivos coa correcta):

- a. Perfilar
- b. Elaborar
- c. Emendar

11. A condición de Valedor do Pobo é incompatible:

- a. Coa permanencia en servizo activo de calquera Administración pública; coa condición de membro de partido político ou co desempeño de funcións directivas nun partido, sindicato, asociación ou fundación, ou co emprego ao servizo deles.
- b. Co exercicio das carreiras xudicial e fiscal ou de calquera actividade profesional, xudicial, mercantil ou laboral.
- c. As respostas a) e b) son certas.

12. Corresponde á Comisión de Goberno do Consello de Contas:

- a. Establecer o réxime horario de traballo do persoal.
- b. Distribuír os asuntos entre as seccións. Nomear os delegados instrutores.
- c. Exercer as funcións relativas ao nomeamento e contratación do persoal eventual, goberno e administración en xeral.

13. Unha é falsa respecto do Consello de Contas de Galicia:

- a. Correspondrá á Sección de Fiscalización a verificación da contabilidade das entidades do sector público de Galicia e o exame e a comprobación das súas contas. Organizárase en departamentos sectoriais a cuxo fronte estará un conselleiro por cada un.
- b. Os presidentes das seccións serán designados polo Pleno para un período de tres anos.
- c. O secretario xeral desempeñará as funcións conducentes ao adecuado exercicio das competencias fiscalizadoras do Pleno, da Comisión de Goberno e do conselleiro maior en todo o relativo ao réxime interior do Consello de Contas.

14. Segundo a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en cada órgano colexiado ¿que corresponde aos seus membros?:

- a. Recibir, cunha antelación mínima de cincuenta e oito horas, a convocatoria que conteña a orde do día das reunións. A información sobre os temas que figuren na orde do día estará ao dispor dos membros coa antelación referida.
- b. Participar nos debates das sesións. Exercer o seu derecho ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican.
- c. Formular rogos e preguntas. Obter a información precisa para cumplir as funcións asignadas. Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

15. A garantía que outorga a Constitución española ás entidades locais consiste:

- a. Nunha distribución detallada das competencias.
- b. Na determinación dunhas competencias xerais á parte das competencias específicas que lle outorguen outras normas.
- c. No núcleo esencial da autonomía local segundo sentenciou o Tribunal Constitucional.

16. O novo Regulamento de réxime interior do Consello de Contas aprobado o 23/02/2017 responde:

- a. Á necesidade de actualización, ao datar o anterior regulamento de 1992.
- b. Á necesidade de actualización do anterior e á creación dunha Sección de Prevención da Corrupción.
- c. Á necesidade de actualización do anterior e á creación dunha Sección de Fiscalización da Transparencia.

17. De conformidade coa Lei 9/2015, de financiamento das formacións políticas e das fundacións e as entidades vinculadas ou dependentes delas:

- a. A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións para gastos electorais aos partidos, federacións e coalicións que os soliciten e que obtivesen subvencións nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia por unha contía que non poderá exceder do 30% da subvención total percibida nas anteriores eleccións.
- b. A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións para gastos electorais aos partidos, federacións e coalicións que os soliciten e que obtivesen subvencións nas últimas eleccións ao Parlamento de Galicia por unha contía que non podrá exceder do 20% da subvención total percibida nas anteriores eleccións.
- c. Non se prevé a concesión de anticipos das subvencións ao tratarse de gastos electorais.

18. Segundo o artigo 27 do Regulamento do Parlamento de Galicia, os grupos parlamentarios levarán unha contabilidade específica das subvencións outorgadas polo Parlamento, debendo ademais:

- a. Publicala no portal de transparencia do seu partido político
- b. Sometelas á Mesa do Parlamento cando esta lla requira e publicarse anualmente no Portal de Transparencia do Parlamento de Galicia
- c. Comunicala ao Tribunal de Contas do Estado.

19. O informe sobre a execución do orzamento previsto no Regulamento do Parlamento de Galicia será:

- a. Elaborado ao final de cada exercicio pola Xunta de Portavoces e someterase á Mesa do Parlamento.
- b. Elaborado ao final de cada exercicio pola Mesa do Parlamento e someterase á Xunta de Portavoces.
- c. Elaborado a mediados de cada exercicio pola Presidencia e someterase á Xunta de Portavoces previamente á Mesa do Parlamento.

20. Segundo a Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia, o Parlamento poñerá á disposición da Xunta Electoral de Galicia:

- a. Os medios persoais e materiais para o exercicio das súas funcións.
- b. As infraestruturas precisas para os membros dela.
- c. As axudas de custo e suplidos para os membros dela.

21. De acordo co Regulamento do Parlamento de Galicia, de producirse empate na primeira votación dunha emenda:

- a. Aplicarase o voto ponderado para desfacer o empate.
- b. Realizarase unha segunda votación.
- c. O empate será resolto polo voto de calidade da presidencia do órgano no que se produciu.

22. ¿Desde que momento son efectivos —no ordenamento galego— os dereitos e prerrogativas do deputado?:

- a. Desde que toma posesión do seu cargo.
- b. Desde que presta promesa ou xuramento.
- c. Desde que é proclamado electo.

23. No Parlamento de Galicia, o deputado perderá a súa condición de tal por:

- a. Decisión xudicial firme que anule a elección.
- b. Sentenza penal condenatoria.
- c. Sanción disciplinaria por falta grave.

24. Os deputados do Parlamento de Galicia teñen dereito a:

- a. Formar parte, polo menos, dunha comisión.
- b. Asistir ás reunións dos órganos parlamentarios.
- c. Solicitar a non adscrición a un grupo parlamentario.

25. Deberá procederse á elección da Mesa do Parlamento de Galicia:

- a. Na sesión de apertura da lexislatura.
- b. Dentro das tres primeiras sesións da lexislatura.
- c. Na sesión constitutiva.

26. O Pleno do Parlamento de Galicia pode ser convocado por:

- a. A quinta parte dos deputados membros da Cámara.
- b. Dous grupos parlamentarios.
- c. Ningunha das anteriores é certa.

27. O Rexistro de Intereses do Parlamento de Galicia estará baixo a dependencia directa de:

- a. A Oficialía Maior do Parlamento.
- b. A Presidencia da Comisión do Estatuto dos Deputados.
- c. A Presidencia do Parlamento.

28. De acordo co Regulamento do Parlamento de Galicia, para que se leve a cabo un debate, tense que distribuir a documentación correspondente cunha antelación mínima de:

- a. 24 horas.
- b. 48 horas.
- c. Non existe prazo previo.

29. De acordo coa normativa, os proxectos de actos lexislativos da Unión Europea que se reciban no Parlamento de Galicia para o control do principio de subsidiariedade:

- a. Agruparanse para unha más rápida admisión a trámite pola Mesa.
- b. Gozarán de preferencia na tramitación con respecto aos demais traballos da comisión competente.
- c. Serán cualificados pola Mesa na primeira reunión posterior á súa entrada no Rexistro.

30. A Mesa do Parlamento de Galicia:

- a. Elabora e aproba os orzamentos da institución.
- b. Aproba os gastos da Cámara.
- c. Libra os pagamentos do Parlamento.

31. Consonte o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, están obrigados a relacionarse electronicamente coas administracións:

- a. As persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica e os notarios e rexistradores da propiedade e mercantís.
- b. Os empregados das administracións públicas para os trámites e actuacións que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público e as entidades con personalidade xurídica.
- c. As persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obligatoria, para todos os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas.

32. Consonte o artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administraciós públicas, os documentos electrónicos emitidos polas administraciós públicas:

- a. Requirirán, en todo caso, de sinatura electrónica.
- b. Non requirirán de sinatura electrónica, salvo aqueles que se publiquen con carácter meramente informativo.
- c. Non requirirán de sinatura electrónica os publicados con carácter meramente informativo e aqueles que non formen parte dun expediente administrativo.

33. O artigo 17 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administraciós públicas, sobre o arquivo de documentos establece que:

- a. Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a expedientes dixitalizados nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
- b. Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos administrativos, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.
- c. Cada Administración deberá manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos finalizados, nos termos establecidos na normativa reguladora aplicable.

34. Na política de seguridade da información aprobada polo acordo da Mesa do Parlamento de Galicia o 13 de decembro de 2017, ¿cales son os principios do sistema de seguridade?

- a. Prevención, detección, resposta e recuperación.
- b. Prevención, detección e recuperación.
- c. Prevención, detección e respuesta.

35. A eliminación dos documentos electrónicos, segundo o artigo 17 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administraciós públicas,

- a. Deberá ser autorizada de acordo ao disposto na normativa aplicable.
- b. Farase de oficio transcorridos 20 anos.
- c. Non será posible en ningún caso.

36. A Mesa do Parlamento poderá declarar a inadmisión dunha proposición de lei de iniciativa lexislativa popular no caso de que o escrito de presentación non reúna algún dos requisitos establecidos no artigo 4 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia. Non obstante, ao tratarse dun defecto reparable, a Mesa comunicarao á comisión promotora para que proceda, de ser o caso, e...

- a. ...no prazo dun mes, á súa reparación.
- b. ...no prazo de 15 días, á súa reparación.
- c. ...no prazo de 7 días, á súa reparación.

37. Coa finalidade de preservar o valor do pluralismo político e facilitar o consenso, adóptase o principio «3 componentes + 3 partidos» na composición:

- a. Da Comisión Permanente da COPREPA.
- b. Da Comisión Permanente da CALRE.
- c. Dos grupos de traballo da CALRE.

38. A iniciativa lexislativa en relación coas leis de desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía poderá exercerse mediante ponencia conxunta de todos os grupos parlamentarios por acordo:

- a. Da Mesa e da Xunta de Portavoces.
- b. Da Mesa, oída a Xunta de Portavoces.
- c. Da Xunta de Portavoces.

39. ¿De que prazo dispoñen os deputados e grupos parlamentarios para formular obxeccións a un decreto lexislativo presentado pola Xunta?:

- a. 15 días.
- b. 15 días prorrogables por unha soa vez.
- c. Un mes.

40. ¿Quen adopta o acordo que determina que sexa a Xunta de Galicia a que compareza nos conflitos de competencia aos que fai referencia o artigo 161.1.c) da Constitución?:

- a. O Pleno do Parlamento, en convocatoria específica, por maioría simple.
- b. O Pleno do Parlamento, en convocatoria específica, por maioría absoluta.
- c. A Presidencia do Parlamento.

41. Segundo o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, as prazas ocupadas por persoal temporal por razón de necesidade e urxencia deberán:

- a. Ser excluídas da oferta de emprego público durante o primeiro ano de ocupación polo persoal temporal.
- b. Incluírse na oferta de emprego público inmediatamente posterior á permanencia dun ano do persoal temporal no seu posto.
- c. Ser amortizadas transcorrido un ano desde a súa ocupación polo persoal temporal.

42. Segundo o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, a renuncia á condición de persoal funcionario:

- a. Inhabilita para obter un novo ingreso na Administración do Parlamento de Galicia.
- b. Deberá ser manifestada libremente por escrito e aceptada expresamente pola Presidencia do Parlamento.
- c. Non poderá ser aceptada cando o funcionario ou funcionaria estea suxeito a un procedemento disciplinario ou procesado pola comisión dalgún delito.

43. Segundo o Estatuto de persoal do Parlamento de Galicia, o persoal funcionario en servizo activo no Parlamento de Galicia non poderá exercer en ningún caso, entre outras, a seguinte actividade:

- a. A participación ocasional en coloquios e programas en calquera medio de comunicación social.
- b. A produción e creación literaria, artística, científica e técnica, así como as publicacións derivadas daquelas, que non se orixinen como consecuencia dunha relación de emprego ou de prestación de servizos.
- c. A elaboración de informes e ditames para as administracións públicas.

44. Segundo o artigo 156 do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei xeral da Seguridade Social, non terán a consideración de accidentes de traballo:

- a. As enfermidades ou defectos, padecidos con anterioridade polo traballador, que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.
- b. As consecuencias do accidente que resulten modificadas na súa natureza, duración, gravidade ou terminación, por enfermidades intercorrentes, que constitúan complicacións derivadas do proceso patolóxico determinado polo accidente mesmo ou teñan a súa orixe en afeccións adquiridas no novo medio no que se teña situado o paciente para a súa curación.
- c. Os que sexan debidos a forza maior estraña ao traballo, entendéndose por esta a que sexa de tal natureza que non garde ningunha relación co traballo que se executaba ao ocorrer o accidente.

45. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os contratos que teñan por obxecto a adquisición de enerxía primaria ou enerxía transformada considéransen:

- a. Contrato de servizos.
- b. Contrato de suministracións.
- c. Contrato mixto.

46. Segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ¿cal das seguintes actuacións poderán ser obxecto de recurso especial?

- a. Os procedementos de adxudicación que se rexan polo trámite de emergencia.
- b. Os acordos de adxudicación.
- c. As clasificacións das ofertas acordadas pola Mesa de contratación.

47. A aplicación de máis dun criterio de adxudicación dos contratos procede:

- a. Cando a definición das prestacións é susceptible de ser mellorada por outras solucións técnicas ou por reducións no seu prazo de execución.
- b. Cando a definición da prestación non é susceptible de ser mellorada.
- c. Cando non se precisa para a prestación tecnoloxía especialmente avanzada ou cuxa execución sexa particularmente complexa.

48. Segundo o Regulamento UE 2016/679, ¿cales son os dereitos que os interesados poden exercer respecto dos datos persoais que lle concirnen?

- a. Acceso, rectificación, supresión e oposición.
- b. Acceso, rectificación, supresión, oposición e portabilidade.
- c. Acceso, rectificación, supresión, oposición, transparencia, limitación e portabilidade.

49. Segundo a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, a solicitude para o exercicio dodereito de acceso á información pública realizarase por calquera medio que permita ter constancia, entre outras,

- a. Da motivación da solicitude.
- b. Dun enderezo de contacto, preferentemente electrónico, para os efectos de comunicación.
- c. Da profesión e domicilio do solicitante.

50. Segundo a normativa sobre transparencia do Regulamento do Parlamento de Galicia, a declaración de bens e dereitos á que están obligados os deputados e deputadas conterá, entre outros,

- a. O valor en venda dos bens inmobles da súa propiedade.
- b. O valor de compra dos vehículos dos que sexa titular.
- c. A cota líquida pagada polo imposto da renda das persoas físicas.

## PREGUNTAS DE RESERVA

51. O Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia dedica un capítulo aos convenios de colaboración que asine o Parlamento de Galicia, do que resulta:

- a. O seu réxime xurídico é o que se estableza no propio convenio ao abeiro da autonomía parlamentaria.
- b. A súa sinatura non precisa aprobación previa ao ser a Presidencia o órgano competente en todo caso.
- c. Precisará aprobación previa pola Mesa do Parlamento cando implique obligas económicas por un montante superior ao estipulado para os denominados contratos menores.

52. ¿Cal é o órgano competente na cesión de titularidade dun ben do Parlamento segundo o artigo 31 do Regulamento de organización e funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia?:

- a. A Presidencia en calquera caso.
- b. A Mesa do Parlamento se está valorado por un importe superior ao establecido para un contrato menor.
- c. Sempre a Mesa por non estar exceptuado da competencia dela.

53. Pola disposición quincuaxésimo cuarta da Lei 6/2018, de orzamentos xerais do Estado, as administracións públicas e demais institucións e entidades están habilitadas para complementar retributivamente a situación de incapacidade temporal do seu persoal. Non obstante:

- a. Este complemento é de obrigada aplicación legal para o persoal funcional, non así para o persoal laboral, que require previa negociación colectiva e acordo expreso.
- b. Este complemento debe ser negociado para todos os empregados públicos e nas mesmas condicións, áinda que podendo ser diferentes escenarios retributivos, calquera que sexa o réxime de protección social.
- c. Este complemento pode regularse de xeito que varíe en función do réxime de protección social dos empregados públicos.

54. O artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación á validez das copias realizadas polas administracións públicas prevé que:

- a. As copias en soporte papel de documentos electrónicos requirirán que nelas figure a condición de copia e conterán un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación, que permitirá contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo público emisor.
- b. As copias en soporte papel de documentos orixinais emitidos no devandito soporte proporcionaranse mediante unha copia auténtica en papel do documento electrónico que se atope en poder da Administración ou ben mediante unha posta de manifesto electrónica que conteña unha copia auténtica do documento orixinal.
- c. Ambas as respostas son correctas.

55. Os membros electivos do Consello Consultivo de Galicia son nomeados polo presidente da Xunta:

- a. Dous unha vez oído o Consello da Xunta e tres por proposta do Parlamento de forma proporcional á representación dos grupos parlamentarios existentes na Cámara previa comparecencia ante a comisión correspondente a fin de examinar a súa idoneidade para o cargo e por acordo da maioría de tres quintos en primeira votación ou maioría absoluta en segunda votación, se for necesaria.
- b. Dous unha vez oido o Consello da Xunta e catro por proposta do Parlamento de forma proporcional á representación dos grupos parlamentarios existentes na Cámara previa comparecencia ante a comisión correspondente a fin de examinar a súa idoneidade para o cargo e por acordo da maioría de tres quintos en primeira votación ou maioría absoluta en segunda votación, se for necesaria.
- c. Dous unha vez oido o Consello da Xunta e tres por proposta do Parlamento de forma proporcional á representación dos grupos parlamentarios existentes na Cámara previa comparecencia ante a comisión correspondente a fin de examinar a súa idoneidade para o cargo e por acordo da maioría de dous terzos en primeira votación ou maioría absoluta en segunda votación, se for necesaria